

Programa de Valoración, Orientación e Información

O contido do *Programa de Valoración, Orientación e Información*, que ten o carácter de prestación esencial do sistema galego de servizos sociais consiste en :

- a. Proporcionar **información, orientación, asesoramento e acompañamento** ás persoas, familias e grupos sociais que o soliciten.
- b. Realizar a **valoración e o diagnóstico social** das demandas da cidadanía.
- c. A **intervención básica de traballo social** de caso e grupos, de acordo cos dereitos sociais, necesidades, demandas de recursos disponibles.
- d. **Derivar cara á intervención** social, bio psicosocial ou socioeducativa **idónea** para cada caso, co obxectivo de que os usuarios adquiren ou recuperen funcións e habilidades persoais e logre unha mellora da súa autonomía, convivencia social e familiar, e a súa inclusión social.
Esta derivación poderá realizarse hacia distintos programas de servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, ou cara aos servizos sociais especializados.

No desenvolvemento deste programa aseguraráse unha **atención por profesionais** coa cualificación adecuada, e ofreceráse aos usuarios unha información e asesoramento persoal que garantice o **respecto a súa intimidade** e capacidade de decisión.

Non haberá lista de espera para a entrevista inicial, que constitúe o primeiro paso para acceder ao sistema.

As demandas de información xeral sobre prestacións públicas ou funcionamento ordinario da Administración e o sistema galego de servizos sociais que non impliquen intervención profesional cualificada nin comprometan a privacidade das persoas poderán ser atendidas por persoal de servizo.